

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o venres, 3 de xuño de 2011, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 10/11, do 20 de maio.

### **Asesoría Xurídica**

2.-Toma de coñecemento do auto do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña, do 06/05/2011, recaído no PO 240/2008, interposto por Linea Directa, sobre responsabilidade patrimonial.

3.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 11/05/2011, recaída no PA 506/2010, interposto por don José María López Boo, sobre responsabilidade patrimonial.

4.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 26/05/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 162/2011, interposto por don Jesús Domínguez López e dona Fátima Domínguez Louro, sobre responsabilidade patrimonial.

5.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 26/05/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 189/2011, interposto por Mapfre Familiar, SA e don Carlos Gato Allegue, sobre responsabilidade patrimonial.

6.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia, do 26/05/2011, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PO 188/2011, interposto por Composan Construcción, SA, sobre contratación.

7.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 16/05/2011, recaída no PO 176/2010, interposto por Repsol Petróleo, SA, sobre tributos.

8.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número un dos da Coruña, do 18/05/2011, recaída no PA 52/2011, interposto pola Fundación San Rosendo, sobre tributos.

## **Persoal**

9.-Aboamento de cantidades en concepto de produtividade adicional aos funcionarios D. Jesús Pérez Fernández, M<sup>a</sup> Victoria García López e Ana Beatriz Álvarez Blanco, segundo trimestre 2011.

## **Asistencia Técnica a Municipios**

10.-Aprobar o informe sobre a decisión de avaliación de impacto ambiental do proxecto “Heliporto en San Marcos, T.M. Santiago de Compostela”.

11.-Aprobar o informe relativo á decisión de avaliación de impacto ambiental do proxecto “Variante de Aradas (AC/10/020.00), para a conexión da saída oeste do Polígono de Tambre coas estradas EP-0701 e EP-7804.

12.-Aprobar o informe relativo á aprobación inicial do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cedeira.

13.-Aprobar o informe sobre o “Plan de sectorización para a transformación do solo apto para urbanizar R-3, “A Longueira”.

14.-Aprobar o informe sobre o proxecto “Trazado da autovía AG-59, treito: A Ramallosa – A Estrada” no Concello de Teo.

## **Patrimonio e Contratación**

15.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar os proxectos contidos no contrato de redacción de proxecto, tramitación de autorización, execución, legalización e posta en marcha de instalacións solares fotovoltaicas para xeración de enerxía eléctrica en instalacións municipais da provincia da Coruña.

16.-Toma de coñecemento da resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para aprobar a modificación do contrato de redacción do proxecto, tramitación de autorización, execución, legalización e posta en marcha de instalacións solares fotovoltaicas para xeración de enerxía eléctrica en instalacións municipais da provincia da Coruña.

17.-Modificación do acordo da Xunta de Goberno nº 48, do 6 de maio de 2011, relativo á aprobación do contrato menor de realización da tradución ao inglés e ao francés dun texto para a edición dun folleto divulgativo do Pazo de Mariñán.

18.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a subministración de dous vehículos ambulancia con destino á Cruz Vermella Española (Delegación da Coruña).

19.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a subministración de pranchas térmicas con destino á Imprenta provincial.

20.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a subministración de equipos audiovisuais con destino ao IES Rafael Puga Ramón.

21.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar os servizos de limpeza nas edificacións no ámbito do Dolmen de Dombate.

22.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a determinación do tipo de bens para a subministración de impresoras láser de posto monocromo.

23.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a subministración de papel estucado semimate con destino á Imprenta provincial.

24.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares para contratar a subministración de equipamento para a actualización da plataforma de correo electrónico e internet da Deputación da Coruña e os concellos da provincia.

25.-Aprobar o proxecto reformado de dotación de senda peonil na DP 4701 do Castro á estrada de Curtis PK 0+000 a 1+000 (Mesía), incluído no Plan de travesías 2009, segunda fase primeira relación.

26.-Adxudicar o contrato de redacción de proxectos do ano 2010, cuarta relación: mellora da seguridade viaria DP 5815 Mera a Veigue Pk 2+200 (Vía Ártabra) a PK 3+440 (Sada); Mellora seguridade viaria na DP 5815 Mera a Veigue, novo acceso ao núcleo de Mera (Oleiros). (Sada, Oleiros, Mesía e Boimorto).

27.-Adxudicar o contrato de organización, coordinación e realización dun campamento deportivo 2011.

28.-Adxudicar o contrato de prestación dos servizos de mantemento e soporte na explotación do e-BOP.

29.-Aprobar o contrato menor de reparación de vehículo do Parque Móbil, matrícula 6361BVN.

30.-Aprobar o contrato menor de substitución da carpintería exterior na porta da lavandería do Fogar Infantil Emilio Romay.

31.-Aprobar o contrato menor de subministración de ferramentas con destino ao taller do Parque Móbil provincial.

32.-Aprobar a prórroga do contrato de servizos de atención a visitantes, información turística da Costa da Morte e realización de actividades dinamizadoras, culturais e formativas para a posta en valor do edificio Torres do Allo e Batáns de Mosquetín.

33.-Aprobar a prórroga do contrato de servizos consistente nos traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e construcións en solo rústico.

34.-Aprobar a prórroga do contrato de servizos de vixilancia da saúde para o persoal ao servizo da Deputación Provincial da Coruña por un ano.

35.-Declarar a resolución do contrato de “Elaboración do inventario de bens para os municipios da provincia da Coruña, IV fase”.

ROGOS E PREGUNTAS